

PLANETA OBXETA

Anxo Moure

...Un conto de como os homes malgastaban os seus cartos en matar aos outros homes que crian inimigos. Unha triste historia que hoxe acontece no planeta Terra. Adentrare na historia e descubrirás o estúpido mundo no que vivimos. Podes facer algo por cambiálo?.

No planeta "Militar", que tempos atrás tivera o nome de "Terra" os homes gastaban os seus cartos en furar o chan onde pisaban lanzándose uns aos outros estraños apeiros que chamaban "armas".

Era segundo eles para defenderse do inimigo, o caso é que paseniñamente o planeta facía *pschsss!* desinflándose.

As pesetas, fartas de seren elas as culpables, xuntáronse un día. O billete de mil falou: "Utilízannos para mercar as armas que firen a natureza, matan o mundo e enferman os nenos".

Un grupo de moedas de cinco pesos informaron: "O outro día trocáronnos por balas para matarse entre eles". Axiña as de cincocentas pesetas propuxeron: "Fuxiremos pola noite. Sen que se decaten sairemos dos bancos, dos seus petos, tarxetas e caixeiros automáticos, rodaremos ata un planeta libre".

Pola noite centos de miles, miles de millóns, billóns de pesetas fuxiron do planeta "Militar" rodando coa forza do vento que nacía antes do mencer.

De súpeto atopáronse nun planeta distinto, onde moraban

seres con estraños poderes. Exiliados do vello planeta "Terra" aló ficaban a insumisión, a cooperación, a revolución ou a ecoloxía. Os dereitos humanos, a solidariedade, a tenrura ou a amizade. Aquel planeta chamado "Obxecta" con forma de caravel serviu de novo fogar ás pesetas.

Cando espertaron os homes do planeta "Militar" ollaron e descubriron que faltaban os cartos. Tentaron mercar bombas como facían todos os días mais non puideron, pensaron que o inimigo os destrozaría, mais pronto se decataron de que tiña o mesmo problema que eles. Foi así necesario para sobrevivir dialogar e co diálogo no ceo descubriron un planeta que enviaba estraños efluvios brillantes que os contagiaron dos poderes da insumisión, solidariedade ou ecoloxía. Trocou dende aquel o Planeta que deixou de chamarse "Militar" e voltou ao seu antigo nome de Terra onde en vez de bombas había bicis, en troques de balas plantábanse árbores.

Plataforma de obxección fiscal "obxecta peseta".
Apdo 35. Chantada.

A OBXECCIÓN FISCAL

A Obxección Fiscal é negarse a pagar a porcentaxe do presuposto que o estado adica a gastos militares e ingresar este importe nun proxecto alternativo de cooperación, medio ambiente...

Non o dubides...Arruinar a guerra para enriquecer a Paz!

Este ano, se non queres colaborar co militarismo español desde os teus impostos, propoñemos-te que destines esa porcentaxe de cartos a un *proxecto alternativo* que realmente sexa útil.

A ANOC (Asemblea Nacional de Obxección de Consciencia) este ano propón-che dous:

1 - Apoia ao Movemento d@s campesiñ@s Sen Terra do Brasil (MST) que realiza o COSAL.

Nº de conta bancaría: 2091 / 0375 / 86 / 3000027358.
Caixa Galicia.

2- O Fondo de Apoio aos insumisos galegos presos.

Nº de conta bancaría: 2091 / 0375 / 86 / 3000027367.
Caixa Galicia.

Para máis información solicita a "Guía de Obxección Fiscal da ANOC" ou pon-te en contacto coa:

ANOC Rúa do Vilar, 29 1ºB. SANTIAGO
Telephone: 981 57 65 62

